

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO, QUE MODIFICA A DE 17 DE XANEIRO DE 2024 POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE NA MODALIDADE A PÉ NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. A Orde do 22 de decembro de 2021, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, aproba o plan específico de explotación de percebe na modalidade a pé da Confraría da Guarda, no que figura un número máximo de cincuenta (50) participantes durante o seu desenvolvemento.
2. Na ficha do plan aprobado indícase que se poderán cubrir as vacantes que se produzan ata chegar a este número máximo mediante a convocatoria dun proceso selectivo no segundo semestre de cada ano, ou o emprego da lista de reserva, segundo o establecido no artigo 17.2. do Decreto 153/2019, do 21 de novembro.
3. A Confraría da Guarda solicita, o 9 de outubro de 2023, o inicio do proceso selectivo para a cobertura de seis (6) prazas vacantes de percebe, na modalidade a pé.
4. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo, do 13 de outubro de 2023, convócase un proceso selectivo para o acceso a seis (6) prazas de percebe na modalidade a pé na confraría da Guarda. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.
5. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo, do 20 de novembro de 2023, publícase a listaxe provisional de admitidos no proceso selectivo, xunto coa puntuación acadada. Non houbo solicitudes excluídas do proceso.
6. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo, do 21 de decembro de 2023, publícase a lista de seleccionados e a de non seleccionados. Esta última constitúe una lista de reserva que terá vixencia dun (1) ano dende a súa publicación.
7. Mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo do 17 de xaneiro de 2024, autorízase o emprego da lista de reserva, publícase o nome de tres (3) persoas seleccionadas e ábrese o prazo para a presentación de documentación.
8. Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación, constátase que dúas (2) das tres (3) persoas seleccionadas da lista de reserva non presentaron a documentación necesaria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.



2. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan prazas vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan prazas vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación indicado na Resolución da Xefatura Territorial de Vigo do 17 de xaneiro de 2024, constátase que dúas (2) das tres (3) persoas seleccionadas da lista de reserva non presentaron a documentación necesaria, polo que de acordo co indicado nas bases da convocatoria, enténdese que desisten da solicitude. Neste suposto, emitírase unha nova resolución, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionadas as seguintes persoas da lista de non seleccionados.

3. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

1. **Declarar desistidas** da súa solicitude no proceso ás seguintes persoas :

Apelidos e nome	D.N.I.
FERNÁNDEZ CASTRO, PATRICIA	* * * 7175 * *
MARTÍN BOO, LORENZO	* * * 6528 * *

2. **Autorizar** o emprego da lista de reserva para cubrir as dúas (2) prazas vacantes e publicar o nome das **seguintes persoas seleccionadas** para o outorgamento do permiso de explotación de percebe a pé na confraría da Guarda:

Apelidos e nome	D.N.I.
RODRÍGUEZ PIMENTEL, PATRICK	* * * 6626 * *
FIGUEROA OTERO, ESTEBAN	* * * 9149 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.



As persoas seleccionadas disporán dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:

- a) Certificado de estar empadroada/o* nun municipio do litoral de Galicia.
- b) Certificado da Seguridade Social* de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.
- c) Certificado profesional correspondente. Certificado de percebeiro/a*.

** Non se precisará presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada, mediante consulta ao sistema de verificación de datos, dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.*

- d) Documentación que acredite non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.

Esta documentación deberá dirixirse á Xefatura Territorial de Vigo.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido, para o outorgamento do permiso de explotación deberán cumprir, ademais:

- non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu plan de explotación.
- Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

Se algunha das persoas interesadas non presentasen a documentación dentro do prazo fixado, ou se, do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na Base I.1, entenderase que desisten da solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionadas as seguintes persoas da lista de non seleccionados.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

